

Vocabulario específico: Guerra Civil, Franquismo e Transición.

Guerra Civil

Brigadas Internacionais: formacións militares constituídas por voluntarios estranxeiros que combateron nas filas do exército republicano en favor da democracia e contra o fascismo. Chegaban a través das organizacións obreiras socialistas e comunistas de máis de 50 países europeos e americanos, que enviaron axudas de todo tipo a España desde outubro de 1936. Foron retirados en outubro de 1938 pola presión internacional.

Ditadura

Nacional-catolicismo: Ideoloxía que defende que a vida política, social e cultural debe estar sometida ás directrices da Igrexa católica. Foi unha das bases ideolóxicas do réxime franquista, que contou co apoio e aprobación da Igrexa católica. A xerarquía eclesiástica xustificou e aceptou a autoridade de Franco como Caudillo de España pola graza de Deus, e a cambio impuxo o seu control sobre a moral, os costumes e a educación.

Sección Feminina: creada en 1934 por Falanxe e presidida por Pilar Primo de Rivera potenciou o modelo feminino durante o franquismo caracterizado pola pasividade e nula participación pública fomentando o labor da muller ao coidado da casa, á familia e aos servizos sociais. Para o seu adoutramento creouse en 1937 o Servizo Social, que imponía a prestación obrigatoria de traballos sociais para todas as mulleres durante seis meses.

Sindicato vertical: Foi a única organización sindical legal que existiu en España dende 1940 ata 1977. Todos os traballadores e empresarios, estaban obrigados por lei a estar afiliados ao Sindicato Vertical. Tomou como referencia a organización sindical do fascismo italiano. Nos anos sesenta organizacións clandestinas como Comisións Obreiras infiltráronse no seu seo.

Plan de Estabilización: programa de reformas realizado por un equipo de ministros e de altos cargos técnicos (denominados tecnócratas) en 1959 co obxectivo de abandonar o modelo económico autárquico intervencionista da primeira etapa do franquista cara un modelo liberalizador que sentará as bases da nova etapa coñecida como desarrollismo económico.

+ **Autarquía** (ditada na aula)

Transición

Lei para a Reforma Política: instrumento legal para articular a transición dende as institucións da ditadura a unhas novas institucións democráticas. Foi elaborado co respaldo da Coroa e do Goberno de Adolfo Suárez. Votado en Cortes e sometido a referéndum en 1976 serviu para facilitar a transición cara a democracia sen ruptura.

Pactos da Moncloa: acordo asinado en outubro de 1977 polos axentes sociais (partidos políticos, sindicatos e organizacións empresariais) no que se comprometía unha estratexia para lograr a estabilidade do país mediante a consolidación da democracia, a redución da conflictividade social e a adopción de medidas para abordar a crise económica que se viña arrastrando dende 1973.